

Bases do proceso de selección para a participación nas mobilidades Erasmus+ do alumnado dos Ciclos Superiores do IES Rosalía de Castro

Curso académico	2025-2026	Nivel Formativo	CICLOS SUPERIORES
PROCESO DE SELECCIÓN PARA AS MOBILIDADES ERASMUS+ DO ALUMNADO			
Órgano convocante	Comisión de Mobilidades do Programa Erasmus+ do IES Rosalía de Castro		
BASES PARA A PARTICIPACIÓN no Proxecto KA 131 HED do Programa Erasmus+ da Acción clave: <i>Mobilidade das persoas por motivos de aprendizaxe (KA1)</i>			
Todo o alumnado matriculado no curso 2025-2026 que remate 2º curso do ciclo en marzo e que desexe participar no proxecto será seleccionado segundo criterios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e transparencia tanto nas bases desta convocatoria como no desenvolvemento da selección das persoas candidatas. Para este proceso convócanse 10 mobilidades Erasmus+ para a realización do período de prácticas. Deberán cubrir o formulario de solicitude de participación e entregar o seu CV Europass en formato pdf á seguinte dirección de correo: erasmusiesrosalia@iesrosaliadecastro.org antes das 14:00 do 18 de decembro de 2025. O proceso de selección consistirá na valoración dos seguintes aspectos: · O expediente académico de cada candidata/o e o informe do equipo docente. (20 %) · A competencia lingüística en inglés ou outros idiomas comunitarios. (20%) · A motivación profesional e méritos. (20%) · A entrevista persoal e grao de madurez. (40 %) Resérvase unha praza para o alumnado con algunha discapacidade e terá preferencia o alumnado considerado de menos oportunidades.			
1. Expediente Académico (máximo 2 puntos)			
Valorarase ata un máximo de 2 puntos calculando a media aritmética das cualificacións obtidas nos módulos do Ciclo: -De 5 a 6,49: 0,5 puntos. -De 6,5 a 7,49: 1 punto. -De 7,50 a 8,99: 1,5 puntos. -De 9 a 10: 2 puntos. Non se terán en conta as cualificacións validadas.			
2. Coñecemento de idiomas (máximo 2 puntos)			
a) Certificados de nivel do idioma do país de destino (ou inglés no seu defecto). Por certificado oficial da Escola Oficial de Idiomas ou equivalente legalmente homologado (ata 2 puntos): -A2: 1 punto. -B1: 1,25 puntos. -B2: 1,5 puntos. -C1: 2 puntos. Non se terán en conta as titulacións de nivel inferior que levaron a conseguir outra de nivel superior. Sen certificado oficial realizarase unha proba de nivel (escrito-oral), e/ou se terá en conta a valoración do profesorado que imparte aulas de inglés ás persoas candidatas. b) Valorarase o coñecemento doutro idioma cun nivel mínimo de A2 e coa acreditación dun certificado oficial, da mesma forma que para o apartado a) ata un máximo dun punto.			
3. Motivación profesional e méritos (máximo 2 puntos)			
Valorarase con 0,5 puntos cada curso realizado, asistencias a xornadas, voluntariado, etc. relacionados coa titulación. As persoas candidatas deberán entregar obrigatoriamente o seu CV en formato pdf creado na páxina de Europass: https://europa.eu/europass/es/create-			
4. Entrevista persoal e grao de madurez (máximo 4 puntos)			
Valoraranse as habilidades persoais e sociais, o interese, carta de motivación, a iniciativa, etc. das persoas candidatas. Tamén se valorará a acreditación da pertenza a unha ONG ou a participación en programas de voluntariado.			
POLA COMISIÓN DE MOBILIDADES			
Asdo: Coordinación Erasmus e Coordinación FCT			
Data	En Santiago a 23 de novembro de 2025		